



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL
Expte. 1220/1102

ASUNTOS TRATADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26 DE MAIO DE 2022.

- 1.- APROBACIÓN ACTAS: acta da sesión ordinaria do 19 de maio e extraordinaria e urxente do 20 de maio de 2022.

ADMINISTRACIÓN DE TRIBUTOS

- 2.- Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas pola prestación do servizo das Escolas de primeira etapa de educación infantil (23). Expte. 2887/500.

CONTRATACIÓN

- 3.- Adxudicación da contratación dos servizos para a xestión sustentable e integrada dos residuos municipais de Vigo e a súa valorización dentro do marco europeo da estratexia da economía circular . Expte. 7645/252.
- 4.- Adxudicación da contratación do subministro de equipos informáticos de usuario (ordenadores, monitores e escáneres). Expte. 9811/113.
- 5.- Modificación do contrato de servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areas de Vigo. Expte. 6779/241.

DEPORTES

- 6.- Expediente de contratación do servizo de mantemento técnico legal e correctivo (mantemento integral total) dos ascensores e plataforma salva escaleiras das instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes. Expte. 4455/611.

EDUCACIÓN

- 7.- Prórroga do contrato de servizos de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria dos Colexios Públicos da cidade Vigo. Expte. 23692/332.
- 8.- Expediente de contratación do servizo de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal para escolares "Visita o teu Concello". Expte. 25760/332.

EMPREGO

- 9.- Proxecto de convenio coa “Unión Comarcal de CCOO de Vigo” para colaborar no desenvolvemento de accións de carácter sociolaboral de interese para a cidadanía no marco do fomento do emprego. Expte. 19098/77.

IGUALDADE

- 10.- Prórroga do contrato de servizos de atención domiciliaria da Infancia (SADI) dirixido a mulleres que se atopan en situación de vulnerabilidade social. Expte. 10126/224.

LIMPEZA

- 11.- Proposta de autorización do gasto para a continuidade das prestacións do contrato dos servizos de limpeza pública viaria, recollida e transporte dos residuos domésticos da cidade de Vigo no mes de xuño do 2022. Expte. 6619/252.

RECURSOS HUMANOS

- 12.- Nomeamento como funcionarios interinos de dous oficiais coidadores de vixilancia e control do VigoZoo, catro traballadores/as sociais e catro subalternos. Expte. 39381/220.
- 13.- Resolución de recurso de alzada presentado no proceso selectivo de enxeñeiro/a técnico/a industrial - OEP 2017-2018-2019 (2ª fase), por queda libre. Expte. 39124/220.

SERVIZO DA ÁREA DE CULTURA

- 14.- Subvención nominativa, mediante un convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación Cultural Sociedad Filarmónica de Vigo para o desenvolvemento da programación anual de concertos do 2022. Expte. 4379/330.
- 15.- Bases reguladoras e convocatoria de subvencións para o financiamento de actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as no Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo”: período 1 de novembro de 2021 e o 31 de outubro de 2022. Expte. 4372/330.

ASUNTOS URXENTES

- 16.- Nomeamento de 5 policía locais como funcionarios de carreira, con cargo ás prazas vacantes da Oferta de Emprego Público 2017-18-19 (1º Fase). Expte. 39742/220.



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL
Expte. 1220/1102

17.- Rogos e preguntas.